

AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL 2012

1. Normativa básica:

- . Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social (DOG núm. 191, do 3 de outubro de 1991)
- . Lei 1/1999, do 5 de febreiro, pola que se modifica parcialmente a Lei 9/1991 (DOG núm. 36, do 22 de febreiro de 1999)
- . Lei 16/2004, do 29 de decembro, pola que se modifican parcialmente a Lei 9/1991 e a Lei 1/1999 (DOG núm. 254, do 31 de decembro de 2004)

2. ¿Qué son as Axudas de emerxencia social (AES)?

As AES son axudas económicas de pagamento único destinadas a paliar necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia.

3. ¿Cales son os requisitos para a percepción das AES?

- . Ser maior de idade.
- . Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- . Non dispoñer de ingresos nin bens suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia.

4. LIMITES DE INGRESOS PARA ACCEDER ÁS AES PARA O ANO 2012:

Número de persoas convivintes	Importe mensual
1	499,23
2	579,10
3	645,66
4	698,91
5	752,16

5. CONTÍAS MÁXIMAS DAS AES PARA O ANO 2012:

Tipoloxía da axuda	Importe máximo €
Axudas para gastos imprescindibles no uso da vivenda habitual	1.331,59
Axudas para gastos de mantemento da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda habitual	5.325,10
Axudas para gastos de equipamento básico da vivenda	1.065,02
Axudas para gastos destinados a cubrir necesidades primarias	1.065,02
Axudas para gastos derivados do traslado de vivenda dentro da mesma localidade	1.065,02
Axudas para gastos derivados do traslado de vivenda fóra da localidade	1.331,28
No caso de que soliciten axudas para varios conceptos existe un límite máximo de	7.455,14

6. ¿Onde se inicia a tramitación das solicitudes de AES?

As persoas solicitantes deben dirixirse para a tramitación das solicitudes de AES aos Servizos Sociais Comunitarios do seu concello de residencia.